



PROCEDEMENTO

Solicitud modificación do calendario electoral da Federación Galega de Esgrima. Proceso electoral 2018-2022.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Esgrima aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 29 de xullo de 2018 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2018-2022.

Segundo. O 6 de agosto de 2018 a secretaria xeral para o Deporte aproba o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Esgrima e o calendario electoral,

Terceiro. No calendario electoral establececese como data para a constitución da asemblea xeral para a elección da Presidencia e da Comisión Delegada da Federación Galega de Esgrima o luns 17 de decembro de 2018.

Cuarto: O 23 de novembro de 2018 a Comisión Xestora da Federación Galega de Esgrima, a través do seu secretario, remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte a solicitude da modificación do calendario electoral no senso de adiantar a constitución da asemblea xeral para a elección da Presidencia e da Comisión Delegada da Federación Galega de Esgrima ao domingo 16 de decembro de 2018.

A Comisión Xestora basea a súa solicitude no motivo de facilitar aos asembleístas a asistencia á Asemblea Xeral para a elección da Presidencia e Comisión Delegada desta Federación pois dos 18 asembleístas, 13 residen fora da Coruña, localidade onde se vai celebrar a asemblea xeral e, en aras a que o proceso electoral teña a maior participación e representación de todos os estamentos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Disposición derradeira primeira do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas Faculta á Secretaria Xeral para o Deporte para adoptar os acordos e ditar as resolucións precisas para a aplicación deste decreto.





2. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que é a Secretaría Xeral para o Deporte a competente para a aprobación definitiva do calendario electoral.

3. Un dos principios inspiradores dos procesos electorais é facilitar e lograr a máxima participación no proceso de todos os electores e elixibles. Pricipio que inspira a redacción das disposicións adicionais segunda e cuarta do Decreto 16/2018, nas que se establece que "O día de celebración das votacións as persoas membros da Asemblea Xeral, no seu caso á Comisión Delegada e á Presidencia da Federación serán inhábiles a efectos de celebración de probas ou competicións deportivas de carácter oficial con participación de clubs e/ou as persoas deportistas galegas, na modalidade deportiva correspondente.

Non se poderá determinar como día de eleccións aquel no que no momento de elaboración do calendario electoral se teña constancia da celebración dunha proba de carácter nacional ou internacional na comunidade autónoma.

Co obxecto de facilitar a participación nos procesos electorais os clubs e as federacións deportivas procurarán non planificar adestramentos no horario de votación. En ningún caso poderá ser obxecto de sanción nin polo club nin pola federación aquela persoa deportista, adestradora o xuíza que faltara ao adestramento por exercer o seu dereito ao voto."

4. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, esta Secretaria Xeral

Resolve: Aprobar a modificación do calendario electoral da Federación Galega de Esgrima de xeito que o acto electoral de Constitución da mesa electoral para a elección da presidencia/comisión delegada se realice o día 16 de decembro de 2018.

A xunta electoral e a Comisión Xestora da Federación Galega de Esgrima deberán dar a máxima difusión á presente resolución e ,en todo caso, deberán publicala na paxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa.





A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 / 1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
A secretaria xeral para o Deporte.
Marta Míguez Telle.

